



XOVES 26 XUÑO
21.00 h | Auditorio | Entradas: www.clasclas.com

LUIS FERNANDO PÉREZ
[Piano]

- Isaac Albéniz :: Suite para piano Iberia**
- Caderno I :: *Evocación, El Puerto, El Corpus Christi en Sevilla*
 - Caderno II :: *Rondeña, Almería, Triana*
 - Caderno III :: *El Albaicín, El Polo, Lavapiés*
 - Caderno IV :: *Málaga, Jerez, Eritaña*

Encomiado pola súa técnica, a súa paleta de cores e a súa excepcional capacidade de comunicación, Luis Fernando Pérez é considerado un dos músicos máis extraordinarios da súa xeración e “O renacemento do piano español” (*Le Monde*).

Foi eloxiado de forma unánime pola crítica mundial e posúe numerosos premios como o Franz Liszt (Italia), Enrique Granados (Barcelona), así como a Medalla Albéniz pola súa interpretación da *Suite Iberia* do compositor catalán, sobre a cal a revista *Gramophone* escribiu ser un dos seus catro intérpretes míticos (Larrocha, Orozco, Sánchez e Pérez). Xunto á súa frenética actividade concertística, desenvolve unha intensa dedicación ao ensino no Centro Superior Katarina Gurska (Madrid) e na Academia Marshall (Barcelona), seguindo a estela da súa profesora Alicia de Larrocha. Ademais é Profesor Invitado na Universidade de Senzoku (Tokyo).



VENRES 27 XUÑO
21.00 h | Auditorio | Entradas: www.clasclas.com


AL AYRE ESPAÑOL

- Mvsica Romana. Corelli e España**
- A. Corelli, A. Scarlatti e F. J. de Castro :: *Sonatas*
 - Estrea absoluta en tempos modernos de dúas sonatas recupera-das por Eduardo López Banzo da Biblioteca da Catedral de Jaca.

Al Ayre Español foi fundado en 1988 por Eduardo López Banzo co propósito de facer fronte aos tópicos que rodeaban as interpretacións da música barroca española. O espírito do grupo sempre foi combater estes clichés con rigor, excelencia na interpretación e co propósito de insuflar nova vida ás músicas do pasado, para así ofrecelas ao público contemporáneo. Al Ayre Español converteuse non só nunha formación prestixiosa senón nunha filosofía de interpretación que López Banzo foi construíndo cos seus músicos e que agora é aclamada e solicitada en todo o mundo, ademais de recoñecida co **Premio Nacional de Música 2004**.

Trinta e seis anos nos festivais e teatros máis importantes de Europa, vinte anos como orquestra residente no Auditorio de Zaragoza, vinte discos e unha incesante axenda de compromisos e actividades para as próximas tempadas confirman que o grupo aragonés é unha das referencias máis destacadas do ámbito nacional e internacional.

Al Ayre Español está formado por **Alexis Aguado** e **Kepa Artetxe** (violíns), **Aldo Mata** (violonchelo), **Xisco Aguiló** (contrabaixo) e **Eduardo López Banzo** (clave e dirección).



SÁBADO 28 XUÑO
21.00 h | Auditorio | Entradas: www.clasclas.com

GALA LÍRICA DE CLAUSURA

Miren Urbieta-Vega, soprano
Orquesta GAOS | Fernando Briones, director

- Oberturas e arias de Verdi e Puccini**
- **G. Verdi** :: Obertura de *Nabucco*; 'Ave María', de *Otello*; Recitati-vo e aria de Giselda 'Qual prodigio... Non fu sogno', de *I Lombardi*; Obertura e aria de Leonora 'Pace, pace mio Dio', de *La forza del destino*.
 - **G. Puccini** :: *Capriccio sinfónico*; Aria de Mimi 'Donde lieta uscì', de *La Bohème*; Aria 'Sola, perduta abbandonata...', de *Manon Les-caut*; Preludio do acto III de *Edgar*; Aria de Liu 'Tu, che di gel sei cinta', de *Turandot*.

Miren Urbieta-Vega é unha contrastada e recoñecida soprano donostia-rra, premiada nos concursos Francesc Viñas, Concurso Internacional de Bilbao, Concours Bordeaux Médoc e Premios Líricos Campoamor, entre outros. Gravou varios discos e ten participado en diferentes estreas ab-solutas e recuperacións de óperas e zarzuelas en época moderna.

A **Orquesta GAOS** está formada por 80 músicos -estudantes e profesos-res de conservatorios- de Galicia. Desde a súa creación, ofrece máis dun centenar de concertos e participan como solistas máis dunha cincuen-tena de músicos galegos cunha importante traxectoria.

Fernando Briones é o seu director desde a súa fundación en 2009.

CLASCLÁS MATINÉE

DOMINGO 22 XUÑO

12.00 h | Igrexa de Vistalegre | Entradas: www.clasclas.com

PABLO ZAPICO

[Guitarra barroca]

A primeira guitarra española :: A música barroca -culta e popular- que deu fama á primeira guitarra española e aos seus mestres
Obras de L. Roncalli, G. Sanz, F. Corbetta, F. Guerau, S. de Murcia, A. M. Bartolotti

VERNES 27 XUÑO

12.00 h | Salón García | Entradas: www.clasclas.com

FLEXIBLE DÚO

[Rafael Yebra (saxofóns) e Oswaldo Oro (guitarras)]

Sete cancións españolas
Obras de M. de Falla, A. Piazzolla, S. Rachmaninov, M. Ravel e J. Montes

SÁBADO 28 XUÑO

12.00 h | Salón García | Entradas: www.clasclas.com

FERNANDO RAÑA [fauta]
e ALBA BARREIRO [arpa]

A fruta e a arpa en Galicia
Obras de J. Trillo, G. Bussi, J. Durán e a estrea absoluta de *Ventana a mi vida interior*, op. 41, de Eligio Vila

CLASCLÁS A PÉ DE RÚA

Concertos nas rúas e prazas de Vilagarcía a cargo do alumnado do Conservatorio e Escola Municipal de Música

Sábado, 14 de xuño :: Praza de Galicia e Praza de Ravella ás 12.00 horas
Domingo, 15 de xuño :: Igrexa de Vistalegre, ás 12.00 h. Entrada de balde ata completar capacidade

clascلاس
VIII FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLÁSICA
VILAGARCÍA DE AROUSA
[RÍAS BAIXAS • GALICIA • SPAIN]
21-28 XUÑO 2025

Allegro Giocoso

Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía, Deputación Pontevedra, XUNTA DE GALICIA, CAMBIO CARNEGIE, GALICIA, S, P, fest clásica, +info e entradas: www.clasclas.com @ @ QR

Celebrando a nosa música

Allegro giocoso. Con esta indicación de tempo comeza *El Corpus Christi en Sevilla*, unha das pezas da *Suite Iberia* de Isaac Albéniz máis representativas da nosa música e da nosa historia, e que teremos ocasión de escoitar este vindeiro verán en Vilagarcía.



A VIII edición do Festival Internacional de Música **clasclás** estará así adicado á nosa cultura, aos nosos músicos e á nosa historia. Premios Nacionais de Música como **Al Ayre Español** ou **Spanish Brass**, **estreas absolutas** e recuperacións de obras en tempos modernos serán, entre outros intérpretes e compositores españois e galegos, a base dunha edición na que tamén conmemoraremos o cincuentenario do falecemento de **Shostakóvich** ou o 150 aniversario do nacemento de **Ravel**.

Tamén será nesta edición do **clasclás** na que iniciaremos un novo programa sinfónico coa celebración dunha gala lírica de clausura. Todo isto en permanente diálogo co noso máis prezado patrimonio artístico, visitando novamente espazos como o Pazo da Gorpelleira ou a Igrexa de Vistalegre.

E xa que a música é celebración, volven tamén ás rúas, prazas e espazos emblemáticos de Vilagarcía o **clasclás a Pé de Rúa** e o **Programa Social e Comunitario**, grazas ao alumnado e profesorado do Conservatorio Profesional e da Escola Municipal de Música, para continuar facendo do **clasclás** un festival accesible para toda a cidadanía.

O **clasclás** xa ten oito anos, como ese neno da foto que ilustra o seu cartel e que serve de homenaxe á nosa historia e a vasta tradición musical da Península Ibérica.

Só me resta desexarvos que gocedes deste **clasclás** coa mesma ledicia coa que nós o preparamos.

Alberto Varela Paz [Alcalde de Vilagarcía de Arousa]

+info resto de actividades: www.clasclas.com



SÁBADO 21 XUÑO

21.00 h | Auditorio | Entradas: www.clasclas.com

SPANISH BRASS

[Quinteto de metais]
A beneficio da Societat Musical L'Artesana de Catarroja

“35”

- J. S. Bach :: Cantata *Sheep may safely grace*, BWV 208
- M. de Falla :: *Suite de El Amor Brujo y Farruca*
- I. Albéniz :: *Asturias*
- T. Bretó :: *Seguidillas*
- J. Griso :: *Circus*
- Á. Gallego :: *Oniwakamaru y la carpa gigante*
- J. M. Serrat :: *Mediterráneo*
- A. Piazzolla :: *Oblivion e Libertango*

Spanish Brass ten participado nos festivais máis importantes do mundo, entre os que figura a gala dos premios Príncipe de Asturias en 1995. No ano 1996 obtivo o Primeiro Premio do 6.º Concurso Internacional para Quintetos de Metais ‘Ville de Narbonne’; en 2017, Premio Bankia ao Talento Musical na Comunitat Valenciana; en 2019, Premio Espai Ter de Música de Torroella de Montgrí e cinco Premios Carles Santos. **En 2020 recibiu o Premio Nacional de Música.** Ten publicados máis de trinta traballos discográficos e organiza dous festivais de vento-metal: Spanish Brass Alzira-SBALZ e Brassurround Torrent.

Spanish Brass está formado por **Carlos Benetó** e **Juanjo Serna** (trompeta), **Manolo Pérez** (trompa), **Indalecio Bonet** (trombón) e **Sergio Finca** (tuba).



DOMINGO 22 XUÑO

21.00 h | Salón García | Entradas: www.clasclas.com

HELIX TRIO

[Gañador do Circuito Ensembles Emerxentes 2025 de FestClásica]

Diálogo entre séculos

- J. Turina :: *Trío para piano n.º 2 en si menor*, op. 76
- D. Shostakóvich :: *Trío para piano n.º 1 en do menor*, op. 8
- F. Schubert :: *Trío para piano en mi bemol maior*, D 929

En novembro de 2024 o Helix Trio foi nomeado **Ensemble Emerxente 2025** por FestClásica, o que lles permitirá participar en importantes festivais en España durante 2025. Ademais, foron galardoados co Premio BBVA de Música de Cámara Montserrat Alavedra 2024 en Cataluña e o Premio Filippo Nicosia 2024 en Italia, que inclúe concertos nese país. Tamén gañaron premios como o ORPHEUS Swiss Chamber Music Competition 2022 en Suíza e o Concurso A Flama 2023 en Barcelona, destacándose como unha das formacións máis prometedoras da súa xeración. Formado en 2022 na Hochschule für Musik FHNW Basel, foron convidados a participar no Piano Trio Fest (Berna) e o Swiss Chamber Music Festival (Adelboden), debutando en 2023 no Palau da Música Catalá, ademais de participar nas IMS Prussia Cove Masterclasses e na Academia Internacional de Música de Cámara de Vic.

Helix Trio está formado por **Jaume Angelés** (violín), **Iago Domínguez** (violonchelo) e **Paula Belzunegui** (piano).



MARTES 24 XUÑO

21.00 h | Auditorio | Entradas: www.clasclas.com

CUARTETO BENNEWITZ

Cuartetos de Haydn, Dvořak e Janaček

- J. Haydn :: *Cuarteto para cordas en fa maior*, op. 77, n.º 2
- L. Janaček :: *Cuarteto para cordas n.º 2 ‘Cartas íntimas’*
- A. Dvořak :: *Cuarteto para cordas n.º 13 en sol maior*, op. 106

A homoxeneidade, perfección técnica e sensibilidade emocional do Cuarteto Bennewitz sitúano como un dos mellores cuartetos de corda do momento. A súa reputación vén avalada polas súas vitorias en dous prestixiosos concursos internacionais, o Concurso de Osaka en 2005 e o Concurso Paolo Borciani en 2008. O conxunto tamén recibiu importantes premios da escena musical checa, o Premio da Sociedade Checa de Música de Cámara (2004) e o Premio Praga Clásica á Mellor Interpretación de Música de Cámara do ano (2019). Actúa habitualmente nos principais auditorios da República Checa, Europa e América do Norte, como o Wigmore Hall, o Musikverein de Viena, o Konzerthaus de Berlín, a Frick Collection de New York e os festivais de Salzburgo e Lucerna. Ademais colabora con destacados intérpretes como Jean-Yves Thibaudet, Alexander Melnikov e Veronika Hagen. As súas gravacións recibiron as mellores cualificacións por parte da prensa especializada, como *Gramophone* e *The Strad*.

O Cuateto Benewitz está formado por **Jakub Fišer** (violín I), **Štěpán Ježek** (violín II), **Jiří Pinkas** (viola) e **Štěpán Doležal** (violonchelo).



MÉRCORES 25 XUÑO

21.00 h | Pazo da Gorpelleira | Entradas: www.clasclas.com

ISABEL VILLANUEVA [viola]
& FRANÇOIS DUMONT [piano]

Fantasia

- P. Hindemith :: *Sonata para viola en fa maior*, op. 11, n.º 4
- E. Granados :: *Sonata para violín e piano*, H 127 (arr. I. Villanueva)
- G. Enescu :: *Piece de concert*
- R. Clarke :: *Sonata para viola e piano*

Isabel Villanueva comezou a formación musical en Pamplona, a súa cidade natal, e posteriormente estudou en Londres, Siena e Xenebra. Na súa destacada traxectoria fóronlle recoñecidos numerosos premios, entre os que destacan o Premio ‘El Ojo Crítico’ da Música Clásica de RNE 2015 e o Premio Cultura de Música Clásica 2019 que outorga a Comunidade de Madrid. É profesora de viola no Royal College of Music de Londres e no Conservatori Superior de Música do Liceu en Barcelona.

François Dumont (1985) ingresou aos 14 anos no Conservatorio Nacional Superior de Música de París na clase de Bruno Rigutto. Perfeccionouse na Academia Internacional do Lago de Como. É gañador de premios nos concursos máis importantes do mundo: o Concurso Chopin de Varsovia, o Concurso Reina Elisabeth de Bruxelas, o Concurso Clara Haskil de Suíza e Concurso de Monte Carlo. Paralelamente á súa carreira como solista, é profesor de piano na prestigiosa Haute École de Musique de Genève (Suíza).